

FLORES PARA ANTONIO

1636

Natalia Molina / Isaki Lacuesta, 2025

ESTREA EN NUMAX: 28.11.2025 | V.O. | 98 min | +12

Unha filla dispónse a buscar a verdade sobre quen foi seu pai, un músico lendario, falecido cando ela tiña 8 anos. El é Antonio Flores, ela a tamén célebre actriz Alba Flores. Alba deixou de cantar ao perder a Antonio e agora dispónse a recuperar a súa voz e a súa historia, preguntando por vez primeira aos seus familiares e amigos.

«Consegue emocionar moito, pero moito, e de paso dar a coñecer mellor o universo dos Flores»

Oti Rodríguez Marchante, ABC



Entrevista con Alba Flores: «Sentín a necesidade de profundar máis no meu pai, de integralo máis na miña vida»

Por Ana Trasobares

Cando sentes a necesidade de recuperar os recordos do teu pai, de preguntar por el, de tentar comprender a súa maneira de vivir e de morrer? Vén de lonxe, pero xa de adulta, na escola de arte dramática, descubrín a terapia Gestalt. Empecei a interesarme por ese enfoque de traballo persoal que me facía moito ben e, desde entón, non o deixei. Sentín a necesidade de profundar máis no meu pai, de coñecelo máis, de integralo máis na miña vida. E nese proceso persoal, en paralelo, deime conta de que a dificultade que tiña para cantar con liberdade estaba relacionada con todo iso. Logo, hai dous anos, os amigos do meu pai dixéronnos que necesitaban facer un concerto homenaxe a Antonio. Fixémolo, era irrefutable. Iso foi o que nos fixo á familia abrir a maleta dos recordos. Logo propuxéronnos facer un proxecto audiovisual. Eu pensei que non estaba preparada, ata que apareceu a xente axeitada e a miña nai animoume. Entón díxenme: “É o que me toca. Que esta aprendizaxe me transforme e leve a onde me teña que levar”. Se non o fixen antes foi porque non tiña a madurez persoal, nin profesional, para abordalo.

Elena Molina e Isaki Lacuesta dirixen *Flores para Antonio*. En que momento entran en xogo? Coñecín a Iñaki [Isaki] a través de Silvia Pérez Cruz e dun videoclip que queríamos gravar. Gustámonos tanto que ao final fixemos tres ou catro. Así que cando veu esta proposta, tiven clarísimo que tiña que dirixila el. É un director increíble e ademais ten alma de músico. Cando o coñecín, pensei: “Este podería ser colega do meu pai”. Logo, foi el quen propuxo a Elena, unha muller cunha mirada moi similar á miña, unha achega marabillosa que dá equilibrio ao documental: Iñaki identificábase co meu pai, e Elena, comigo. Foi unha codirección bonita, con moito agarimo, escoita e respecto.

O documental arrinca coa túa voz cantando “Una espina”. Por que elixiches ese tema? Podería ser unha dor herdada que agora ti lle dedicas a el? Si, totalmente. Elixímola aínda sabendo que cantala ía ser a máis difícil do seu repertorio para min. A canción é o reflexo das feridas que o meu pai compartía coa súa nai e eu vexo agora o reflexo das miñas con el. De momento, non podó cantala enteira en público.

Normal... E aínda así resulta precioso escoitar a túa voz rota que excede emoción. É o que pretendía: mostrar a miña dificultade, a pesar de que sempre dá vergoña mostrar o que non podes facer. Pero ensinalo tamén é san, valioso e bonito. Iso é o que aprendín nas miñas moitas terapias, onde coñecín a xente que foi moi xenerosa comigo contándome as súas experiencias de vida e as súas dores. O xusto e o bo para min era compartilo tamén, aínda que este documental é, ante todo, unha homenaxe ao meu pai.

***Flores para Antonio* emociona non só por ver de novo ao teu pai cheo de vida, talento e amor, senón tamén porque é a primeira vez que vemos a toda a familia Flores falando de Antonio cunha xenerosidade brutal. Como foi rodar esas escenas?** Foi precioso, pero tamén me deu moito apuro. Eu non era consciente de que nunca lles tiña preguntado por el. E de súpeto fágoo alí, rodeados dun equipo de cinema. “Que liada”, pensei. Pero hai outra reflexión: eu necesitaba o vehículo artístico para facelo. Era máis difícil para min sacar o tema nunha conversa normal, un día na cociña, que a través deste película.